



ÍNDICE XERAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE ALLARIZ

Referencia da fase: 32001_PECCHA_202412_AI

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E
OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS
DETERMINACIÓNS

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- NORMATIVA URBANÍSTICA

DOC 05.- CATÁLOGO

MEMORIA

FICHAS

NORMAS DE PROTECCIÓN

DOC 06.- ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE
ECONÓMICA

DOC 07.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
AMBIENTAL ESTRATÉXICA



ÍNDICE

TÍTULO I.- NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.....	3
CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS	3
Art. 1.- Tipos de bens do patrimonio cultural de Galicia	3
Art. 2.- Réxime xeral de protección	4
CAPÍTULO II.- PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO	5
Sección 1ª Conceptos xerais.....	5
Art. 3.- Clasificación do patrimonio arquitectónico.....	5
Sección 2ª.- Patrimonio Catalogado	6
Art. 4.- Niveis de Protección.....	6
Art. 5.- Nivel 1. Protección integral.....	6
Art. 6.- Nivel 2. Protección estrutural.....	7
Art. 7.- Nivel 3. Protección ambiental.....	8
CAPÍTULO III.- PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO	9
Art. 8.- Disposicións xerais	9
Art. 9.- Graos de protección	9
Sección 1ª.- Zonificación arqueolóxica	10
Art. 10.- Zona 1.- Bens de interese cultural.....	10
Art. 11.- Zona 2.- Restantes zonas do casco histórico	10
CAPÍTULO IV.- CAMIÑOS DE SANTIAGO	11
Sección 1ª.- Disposicións xerais	11
Art. 12.- Concepto	11
Sección 2ª.- A Vía da Prata	11
Art. 13.- Ámbito de aplicación.....	11
Art. 14.- Normas de protección.....	12



TÍTULO I.- NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO **CULTURAL**

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1.- Tipos de bens do patrimonio cultural de Galicia

De conformidade co establecido no Art. 8 LPCG e sen prexuízo da normativa posterior que a substitúa, o Patrimonio Cultural de Galicia clasifícase como:

- 1 BENS DE INTERESE CULTURAL: Serán considerados como Bens de Interese Cultural (BIC) aqueles bens e manifestacións inmateriais que sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da concellería competente en materia do patrimonio cultural, de acordo co establecido co procedemento establecido pola lei.

A día de hoxe, no ámbito do PECHA ademais da declaración do Conxunto Histórico-Artístico que foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) mediante o Decreto 1319/1971, de 20 de maio de 1971, consta a da Igrexa de Santiago, declarada Monumento histórico-artístico mediante Decreto de 3 de xuño de 1931.

Ademais a LPCG recolle nesta condición os seguintes:

- a) Bens propios da arquitectura defensiva, tal e como describe a LPCG (Art. 88.1.a), construídos con anterioridade ó ano 1849, este é o caso do castelo de Allariz.
 - b) Hórreos, cruceiros e petos de ánimas dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901 (Art. 92.1 LPCG e Decreto 449/1973 do 22 de Febreiro).
 - c) Escudos, encoros, pedras heráldicas, selos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de máis de 100 anos (Decreto 571/1963 e disposición adicional primeira da LPCG) así como os escudos elaborados con anterioridade a 1901.
 - d) Cada un dos elementos que contan con esta condición BIC figura así identificado na ficha correspondente do Catálogo elaborado ao efecto.
- 2 BENS CATALOGADOS: Terán esta consideración todos os elementos, non declarados de interese cultural, que se recollen no Catálogo do Patrimonio Cultural elaborado para o presente PECHA, e unha vez que esta normativa sexa aprobada. Tamén contarán con esta consideración todos aqueles bens e manifestacións inmateriais que polo seu notable valor cultural sexan incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia a través de calquera dos procedementos de inclusións previstos na LPCG.



Art. 2.-Réxime xeral de protección

1 DETERMINACIÓNS XERAIS

- a) Todos os bens recollidos nos apartados anteriores así como as áreas delimitadas na súa contorna que abarca a totalidade do ámbito do PECHA quedan suxeitos a unha especial protección. Calquera intervención nun elemento do Patrimonio Cultural está regulada con carácter básico pola lexislación sectorial de patrimonio e complementariamente polas disposicións e determinacións do presente PECHA en virtude dos graos de protección atribuídos a cada elemento.
- b) Calquera actuación que se pretenda realizar nos bens de interese cultural ou catalogados, así como nos seus contornos de protección, terá que ser autorizada pola consellería competente en materia de Patrimonio cultural, conforme ao establecido na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e na Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- c) De maneira específica, dentro do ámbito do PECHA, será necesario solicitar autorización ante a Consellería de Cultura cando se pretenda realizar algún dos seguintes tipos de actuacións e obras:
 - c)-1 Todas as obras de nova edificación, construción ou instalación incluíndo as de carácter provisional, así como as de demolición.
 - c)-2 Todas as obras (de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calquera outra intervención en edificios existentes que se manifeste ao exterior (espazo público ou privado).
 - c)-3 As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións), os elementos construtivos configuradores da paisaxe ou do espazo urbano (peches, noiros, ...) ou a topografía existente (movementos de terras).
 - c)-4 Os proxectos de urbanización.
 - c)-5 Os instrumentos de planeamento.
 - c)-6 Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencias sobre os bens protexidos.

- ### **2 DETERMINACIÓNS NOS INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO.**
- De conformidade co disposto no artigo 34.1 LPCG, todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite.



3 DEBER DE CONSERVACIÓN E COMUNICACIÓN. Segundo o disposto nos artigos 32, 36 e 37 LPCG, as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural están obrigadas a:

a) Conservalos, mantelos e custodialos debidamente, así como a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

b) Comunicarlle á consellería competente en materia de patrimonio cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa ao seu valor cultural.

c) Permitir o acceso aos ditos bens a todo aquel persoal habilitado, acreditado ou designado pola administración competente para desenvolver funcións de inspección, investigación ou realización dos informes técnicos que así se xustifiquen, tal e como queda detallado no articulado completo da LPCG (art. 36).

4 SOBRE BENS NON SINALADOS OU CATALOGADOS

É obriga informar ao organismo competente en materia de patrimonio cultural sobre o achado de restos arqueolóxicos ou históricos que non figuren no presente Catálogo, principalmente cando se teña intención de realizar obras ou intervencións sobre eses achados ou nos terreos afectados por eles. A finalidade desa obriga de información diríxese a que sexa ese organismo o que determine e valore a importancia de tales restos antes de que se permita a concesión de licenza municipal.

A ocultación de achados arqueolóxicos, vestixios, pezas ou elementos que se presupoñan constituíntes do Patrimonio Histórico, artístico e cultural dos pobos de España, responsabilizará aos que así procedan, de acordo ás leis vixentes e en concordancia co contido do artigo 46 da Constitución española.

5 INFRACCIÓNS

Toda acción ou omisión que vulnere as prescricións contidas no presente título será considerada como infracción urbanística grave, sen prexuízo de outras que estean tipificadas e sancionadas pola lexislación.

CAPÍTULO II.- PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Sección 1ª Conceptos xerais

Art. 3.- Clasificación do patrimonio arquitectónico

1 Aos efectos de establecer o nivel axeitado de protección para cada un dos elementos do patrimonio edificado comprendidos no ámbito do PECHA, establécense unha primeira



clasificación do patrimonio edificado, en función de que o interese da súa conservación sexa individualizado ou xenérico á vista das súas características arquitectónicas, valores históricos e calidades ambientais, diferenciando:

- a) O patrimonio catalogado.
 - b) O patrimonio non catalogado.
- 2 O patrimonio catalogado e non catalogado comprendido no ámbito do PECHA grafíase nos Planos de Ordenación e no Ficheiro individualizado de edificios catalogados.

Sección 2ª.- Patrimonio Catalogado

Art. 4.- Niveis de Protección

- 1 Atendendo á gradación dos valores obxectivos e singulares a protexer, establécense distintos niveis de protección do patrimonio arquitectónico catalogado, cuxa aplicación concreta e individualizada se establece nos planos de ordenación e no ficheiro individualizado de edificios catalogados.
- 2 Os niveis de protección establecidos no ámbito do PECHA son os seguintes:
 - a) PROTECCIÓN INTEGRAL
 - b) PROTECCIÓN ESTRUCTURAL
 - c) PROTECCIÓN AMBIENTAL
- 3 En cada nivel de protección poderá ser autorizado excepcionalmente pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, nos casos en que se analicen de forma pormenorizada as características e condicións de conservación do ben e o seu contorno de protección, os valores culturais protexidos e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa conveniencia en prol dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia.

Art. 5.- Nivel 1. Protección integral

- 1 CONCEPTO
 - a) É o réxime de protección aplicable a aqueles bens de interese histórico, artístico, cultural ou etnográfico, con notables o singulares características de grande valor e rareza, que precisa a conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todosos valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións



ao longo do tempo.

- b) Tódolos elementos con declaración de ben de interese cultural, estarán sometidos a este réxime de protección.

2 OBRAS PERMITIDAS. Nos edificios suxeitos a protección integral permítense os seguintes tipos de obras:

- a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e rehabilitación.
- b) As de rehabilitación podrán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garantice a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público ao mesmo.
- c) As ampliacións de un ben inmueble, exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volúmenes diferenciados. En todo caso nos edificios catalogados non se permitirán adicións de plantas nin ampliación de volume en planta, nin se permitirán incrementos de edificabilidade nas súas parcelas, salvo que que figure na ficha correspondente e nos planos e alzados de ordenación.
- d) As de reconstrucción, de modo excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais de os que se poda probar a súa autenticidade e posición orixinal.

Art. 6.- Nivel 2. Protección estrutural

- 1 CONCEPTO. É o réxime de protección aplicable aos bens no que se debe conservar os elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.
- 2 OBRAS PERMITIDAS. Nos edificios suxeitos a protección estrutural, deberanse protexer como elementos tipolóxicos as bufardas, lanternas, galerías, corredores e composición de ocos de tódalas fachadas agás que se indique na súa ficha que se deben reelaborar. Ademais permítense os seguintes tipos de obras:
 - a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.
 - b) As de reestructuración puntual o parcial poderán autorizarse si a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e se reducen



a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos polos elementos análogos ou coherentes cos orixinais.

- c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmueble no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial. En todo caso nos edificios catalogados non se permitirán adicións de plantas nin ampliación de volume en planta, nin se permitirán incrementos de edificabilidade nas súas parcelas, salvo que que figure na ficha correspondente e nos planos e alzados de ordenación.
- d) As de reconstrucción, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais de os que se poda probar a súa su autenticidade e posición orixinal.
- e) A obriga de manter tipoloxías e materiais da estrutura horizontal consignada nas Fichas Individuais para este Nivel de protección estrutural excepcionarase nos seguintes supostos:
 - e)-1 Cando a dita estruturase atope en estado ruinoso ou semirruinoso.
 - e)-2 Cando a rehabilitación do edificio que se pretenda desenvolver sexa técnicamente desaconsellable e/ou excesivamente gravosa de manterse a estrutura horizontal existente, conforme ás demostracións que neste sen so se conteñan no proxecto técnico correspondente.

Art. 7.- Nivel 3. Protección ambiental

- 1 CONCEPTO. É o réxime de protección aplicable a aqueles bens nas que se debe conservar os aspectos máis visibles e evidentes que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.
- 2 OBRAS PERMITIDAS. Nos edificios suxeitos a protección ambiental, permítense os seguintes tipos de obras:
 - a) As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestructuración parcial ou total.
 - b) As de ampliación, sempre que no supoñan un deterioro ou destrucción dos valores culturais que aconsen a súa protección. En todo caso nos edificios catalogados non se permitirán adicións de plantas nin ampliación de volume en planta, nin se permitirán incrementos de edificabilidade nas súas parcelas, salvo que que figure na ficha correspondente e nos planos e alzados de ordenación.



CAPÍTULO III.- PATRIMONIO ARQUEOLÓGICO

Art. 8.- Disposicións xerais

- 1 En razón da longa estadía do home no ámbito do PECHA DE ALLARIZ, que levou a desenvolver o escenario da vida social ao longo da historia en diferentes extractos construtivos, resulta innegable a necesidade de conservar, protexer e, no seu caso recuperar o patrimonio arqueolóxico nel presente ou agochado.
- 2 En base aos datos de que se dispoñen, no ámbito da delimitación do Casco Histórico figura catalogado como patrimonio arqueolóxico:
 - a) O Castelo (identificado co código GA32001005): situado na xénese do nacemento da vila, no que se ubicou un castelo medieval (S.XI) que contaba con sólidas defensas naturais (rio, fortes pendentes do monte...)
 - b) A Necrópole da Igrexa de Santiago (co código GA32001006): na que se acharon un total de 15 tumbas antropomorfas escavadas na rocha, así como distinto material cerámico de procedencia medieval e galaico-romanda
- 3 Pero iso non desbota a posibilidade de que nese ámbito poidan xurdir elementos de interese arqueolóxico no futuro que poidan botar luz sobre outras épocas do devalar histórico da vila.

Art. 9.- Graos de protección

- 1 Para todos aqueles bens integrantes do Patrimonio Arqueolóxico defínense dúas modalidades de ámbitos ou áreas de protección:
 - a) Área de Protección Integral (API). Comprende a totalidade do xacemento (a partir do grafado como "Límites definibles do xacemento") e os espazos lindeiros ou inmediatos, entendidos como consubstanciais á existencia do mesmo. Queda representada esta API na ficha específica do ben así como nos correspondentes planos de ordenación.
 - b) Contorno de Protección de Xacementos (CPX). Comprende os terreos perimetrais á API nos que, aínda que non son visibles, poidan existir restos arqueolóxicos, e onde a transformación no uso do solo suporía ademais un grave impacto sobre as súas condicións ambientais e os valores culturais. Recolle tamén os espazos comprendidos por aqueles xacementos onde, por dificultades de definición espacial ou por presentaren altos niveis de degradación, non chegou a establecerse API. Queda tamén representado este CPX na ficha específica de cada xacemento, así como nos correspondentes planos de ordenación.
- 2 Os dous graos de protección arriba definidos serán de aplicación tanto a bens de interese cultural como a bens catalogados.



Sección 1ª.- Zonificación arqueolóxica

Art. 10.- Zona 1.- Bens de interese cultural

- 1 CONCEPTO. É o réxime de protección aplicable aos bens declarados de interese cultural, correspondente ao Castelo (GA32001005) e a Necrópole da Igrexa de Santiago (co código GA32001006).
- 2 DELIMITACIÓN. A delimitación gráfase nos planos de catalogación coa denominación correspondente.
- 3 USOS PERMITIDOS. Nas actuacións incluídas nesta delimitación primarase sempre a conservación dos vestixios arqueolóxicos de entidade, debendo ser compatibles os usos con esta conservación e posta en valor, cando as condicións o permitan.
- 4 Con carácter excepcional, establécense as seguintes determinacións:
 - a) Permitiranse, de maneira puntual, remocións de terras encamiñadas a obras de mellora de infraestruturas de servizo ás edificacións (abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, redes de alumeado, etc.), así como tamén as destinadas ao acondicionamento e rehabilitación do inmovible xa existente. En todo caso, só serán permitidas cando sexan viables segundo a normativa urbanística municipal.
 - b) Non se permitirán nestas circunstancias edificacións de nova planta, sotos nin outras remocións de terras que as descritas no apartado anterior.
 - c) En todo caso, estas actuacións deberán contar coa autorización previa do organismo competente en materia de patrimonio cultural. Será ese organismo quen resolverá, con carácter previo, preceptivo e vinculante, sobre a eventual necesidade de establecer as cautelas arqueolóxicas que considere pertinentes para cada situación.

Art. 11.- Zona 2.- Restantes zonas do casco histórico

- 1 CONCEPTO. É o réxime de protección aplicable ás restantes zonas do ámbito co casco histórico de Allariz.
- 2 DELIMITACIÓN. Comprende o conxunto dos terreos englobados no PECHA, formado polas zonas nas que, pola modalidade de emprazamento ou indicios toponímicos, puidera supoñerse a localización dun ben deste tipo. A delimitación gráfase nos planos de catalogación coa denominación correspondente.



- 3 USOS PERMITIDOS. Nas zonas comprendidas nesta delimitación, permítense todas aquelas actuacións establecidas na presente Normativa, para a clase e categoría de solo afectada pola delimitación arqueolóxica CPX, e deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:
- a) Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
 - b) As intervencións de calquera tipo que modifiquen a volumetría das construcións existentes.
 - c) As actuacións que afecten á estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
 - d) A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
 - e) As remocións de terras de calquera tipo.
- 4 En calquera caso, segundo o indicado no artigo 46 la LPCG, os espazos incluídos na delimitación de CPX deben manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características dese ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben protexido.

CAPÍTULO IV.- CAMIÑOS DE SANTIAGO

Sección 1ª.- Disposicións xerais

Art. 12.- Concepto

- 1 Os Camiños de Santiago están formados polo conxunto de rutas recoñecidas documentalmente das que pode testemuñarse o seu uso como rutas de peregrinación de longo percorrido e que estruturan, conforman e caracterizan o territorio que atravesan.
- 2 A vía da Prata é unha das sete rutas (Camiño Francés, Camiño Primitivo ou do Norte, Camiño Inglés, Camiño de Fisterra e Muxía, Camiño Portugués, Vía da Prata e Camiño de Inverno) recollidas no artigo 73 da LPCG, cuxo trazado discorre, en parte, polo termo municipal de Allariz.

Sección 2ª.- A Vía da Prata

Art. 13.- Ámbito de aplicación

- 1 As disposicións contidas neste Artigo, serán de aplicación o tramo do Camiño de Santiago



denominado Vía da Prata e o seu contorno de protección que discorre a través do termo municipal de Allariz.

- 2 A delimitación e deslinde realizarase segundo o disposto na LPCG. En tanto non se conclúa co procedemento de delimitación da vía da Prata, recóllense nos planos de ordenación o trazado contemplado no PBA, así como o sometido a información pública por acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 13 de xaneiro de 1998, publicado no DOG nº 15, do 23 de xaneiro de 1998.
- 3 O Camiño de Santiago ao seu paso polo termo municipal, inclúe ademáis da propia sección do camiño, unha zona lateral de protección integral e un ámbito de protección do Camiño, que inclúe as construcións e zonas tradicionais, elementos funcionais e a propia estrutura parcelaria lindante co Camiño de Santiago que conforman e caracterizan a paisaxe e o seu entorno.
- 4 O trazado do Camiño de Santiago, os seus contornos de protección así como todas as súas pertenzas ou elementos funcionais vinculados a ambos camiños, gráfase nos correspondentes Planos de Ordenación e inclúense dentro do catálogo do PECHA coa súa correspondente ficha e descrición.
- 5 Os proxectos de urbanización, plans especiais e calquera outra figura de planeamento, que se inclúa na traza do Camiño de Santiago e dos seus contornos de protección, deberá obter o informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural, sendo o informe perceptivo e vinculante.

Art. 14.- Normas de protección

- 1 Para a protección do Camiño de Santiago e as súas contornas inmediatas establecerase o disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 2 A delimitación, deslinde e réxime urbanístico do Camiño de Santiago, regularase polo disposto no Título IV da LPCG.
- 3 O outorgamento de licenzas municipais para actuacións autorizadas que afecten ao Camiño de Santiago, as súas zonas laterais e contornos de protección, precisará da resolución da consellería competente en materia de patrimonio cultural. Non poderá outorgarse a licenza ata que a autorización sexa notificada ao concello.
- 4 CRITERIOS DE PROTECCIÓN E INTERVENCIÓN: No interior do ámbito do PECHA tenderase á conservación dos valores tradicionais e intentarase liberar espazo con fronte ao camiño para protexer as visuais sempre que sexa posible, así como evitar a apertura de vías perpendiculares ao Camiño que incrementen o tráfico rodado.



ALFONSO
BOTANA



Asinan:

Alfonso Botana Castelo

Arquitecto

Beatriz García Becerra

Arquitecta

Paula Fernández Otero

Bióloga